XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública

empregarse
procesos de ingreso

Proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (subgrupo C2)

Primeiro exercicio

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1) O artigo 113 da Constitución española establece que a moción de censura deberá ser proposta ..

a) Cando menos polos 2/3 das Cámaras.

b) Cando menos pola décima parte dos deputados.

c) Cando menos por maioría absoluta do número de deputados.

d) Cando menos por maioría simple do número de deputados.

2) Segundo o artigo 2.2.g da Lei 50/1997, de 27 de novembro, de organización, competencia e funcionamento do Goberno, corresponde ao Presidente do goberno ..

a) Aprobar o proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado

b) Aprobar a disolución do Congreso, do Senado ou das Cortes Xerais

c) Propoñer ao Rei a resolución dos conflitos de atribucións que poidan xurdir entre os distintos ministerios

d) Convocar, presidir e fixar a orde do día do Consello de Ministros

3) Segundo o establecido no artigo 3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo Común, as Administracións públicas, nas súas relacións, réxense polo principio de ..

a) Descentralización e desconcentración

b) Xerarquía e coordinación

c) Boa fe e confianza lexítima

d) Cooperación e colaboración

4) Segundo o disposto no artigo 35, da Lei Orgánica 1/1981, do Estatuto de Autonomía de Galicia ..

a) A comunidade autónoma poderá celebrar convenios con outras comunidades para a xestión e prestación de servizos competencia do Estado previa autorización do goberno de España.

b) A comunidade autónoma poderá celebrar convenios con outras comunidades para a xestión e prestación de servizos propios de exclusiva competencia da mesma. A celebración dos citados convenios deberá ser comunicada ás Cortes Xerais

c) A comunidade autónoma poderá celebrar convenios con outras comunidades para a xestión e prestación de servizos propios de exclusiva competencia da mesma. A celebración dos citados convenios non deberá ser comunicada ás Cortes Xerais.

d) A comunidade autónoma non poderá establecer acordos de colaboración con outras comunidades autónomas agás autorización das Cortes Xerais por maioría absoluta dos seus membros.

5) Segundo o establecido no artigo 26 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, cal das seguintes <u>NON</u> se considera unha atribución do Presidente?

a) Formular ante o parlamento, previa deliberación do Consello, a cuestión de confianza.

b) Presentar ao parlamento os proxectos de Lei, por si mesmo ou a través do membro da Xunta designado.

c) Facilitar ao parlamento a información e documentación que este recabe da Xunta.

d) Establecer as directrices e desenvolver o programa de Goberno

6) Segundo o establecido no artigo 2.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia actúa ..

a) Con personalidade xurídica plena independente da Xunta de Galicia

b) Con personalidade xurídica propia

c) Con personalidade xurídica única

d) Sen personalidade xurídica

7) O decreto 8/2011, do 28 de xaneiro, establece no seu artigo 4º que o Instituto Galego de Promoción Económica é ..

a) Un organismo autónomo que depende da consellería de Economía e Industria.

b) Un ente público que depende da consellería de Economía e Industria.

c) Un organismo autónomo que depende da consellería de Facenda.

d) Un ente público que depende da consellería de Facenda.

8) Quen realizará as modificacións e habilitacións orzamentarias precisas para o cumprimento do previsto no decreto 79/2009 polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta sen que en ningún caso poidan orixinar incremento de gasto?

a) O presidente da Xunta

b) O Consello da Xunta

c) O Parlamento

d) A Consellería de Facenda

9) Segundo a normativa reguladora dos contratos do sector público teñen a consideración de Administracións Públicas ..

a) As entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social

b) As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social

c) As Universidades públicas e privadas

d) As entidades públicas empresariais estatais

10) Segundo o artigo 51.1 do Decreto Lexislativo 1/1999 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, os órganos estatutarios da Comunidade Autónoma e as consellerías remitirán á de Facenda os seus respectivos estados de gastos debidamente documentados e axustados ás normas que lles sexan aplicables e ás directrices establecidas pola Xunta, antes do…

a) 1 de agosto.

b) 20 de outubro.

c) 1 de xullo.

d) 1 de xuño.

11) Segundo o artigo 1.3 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, é un fundamento de actuación ..

a) Eficacia na planificación e xestión dos recursos humanos.

b) Actuar con eficacia, economía e eficiencia

c) Exercer as atribucións segundo o principio de dedicación ao servizo público

d) Respectar a constitución e o resto das normas que integran o ordenamento xurídico

12) Segundo o artigo 7.3 do Decreto lexislativo 1/2008 polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, a determinación do número de postos reservados ao persoal eventual coas súas características e retribucións corresponde a ..

a) O Consello da Xunta de Galicia

b) A Consellería de Facenda

c) A Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

d) A consellería competente en materia de Función Pública.

13) De conformidade co establecido no artigo 7.2.a.4 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, cantos vogais terán as comisións de valoración dos concursos de traslados ?

a) Un mínimo de cinco vogais

b) Un máximo de catro vogais

c) Un mínimo de catro vogais

d) Un máximo de cinco vogais

14) De acordo co artigo 3 da Lei 2/2007 do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, enténdese por acoso:

a) A situación en que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado de índole sexual, co propósito ou efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un contorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo

b) A situación en que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros poñen a persoas dun sexo determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro sexo**,** salvo que a devandita disposición, criterio ou práctica poidan xustificarse obxectivamente cunha finalidade lexítima e que os medios para alcanzar a devandita finalidade sexan adecuados e necesarios.

c) A situación en que unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada por razón de sexo de xeito menos favorable ca outra en situación comparable

d) A situación en que se produce un comportamento non desexado relacionado co sexo dunha persoa, co propósito ou efecto de atentar contra a dignidade da persoa e de crear un contorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo

15) De acordo co artigo 1 da Lei 7/2004 de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes na adopción e execución das políticas dirixidas á eliminación de todo tipo de discriminacións contra as mulleres, a Xunta de Galicia tomará en consideración o traballo realizado por ..

a) A Comisión para a Igualdade e para os dereitos das Mulleres e Homes do Parlamento Galego

b) A Comisión para a Igualdade e para os dereitos das Mulleres da Xunta de Galicia

c) A Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres do Parlamento Galego

d) A Comisión para a Igualdade das Mulleres do Parlamento Galego

16) Segundo o artigo 3 da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de datos de carácter persoal se entende como "*dato de carácter persoal*" ..

a) Calquera información tocante a persoas físicas ou xurídicas identificadas.

b) Calquera información tocante a persoas físicas ou xurídicas identificables

c) Calquera información que conteña datos persoais non recollida mediante medios fraudulentos.

d) Calquera información tocante a persoas físicas identificadas ou identificables.

17) Segundo o artigo 2, sobre definición de conceptos, do Decreto 230/2008 polo que se establecen as normas de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por "*soporte*":

a) O conxunto de compoñentes que forman un todo destinado a obter información.

b) Calquera parte compoñente dun sistema de información.

c) Calquera medio físico utilizado para almacenar información.

d) O persoal das unidades informáticas que desempeñan funcións de asesoría técnica.

18) Segundo o artigo 5 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes, quen aproba a planificación e desenvolvemento dos servizos electrónicos dos órganos e unidades da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia?

a) O Consello da Xunta de Galicia

b) O Parlamento de Galicia

c) A Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

d) O órgano de dirección con competencias xerais en materia de desenvolvemento da Administración electrónica.

19) O artigo 15.5 do Tratado da Unión Europea establece que o Consello Europeo elixirá ao seu Presidente ..:

a) Por maioría simple para un mandato de dous anos e medio

b) Por maioría cualificada para un mandato de dous anos e medio, que poderá renovarse unha soa vez

c) Por maioría cualificada para un mandato de dous anos, que poderá renovarse unha soa vez

d) Por maioría simple para un mandato de dous anos e medio, que poderá renovarse unha soa vez

20) O artigo 229 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, establece que o Parlamento Europeo reunirase sen necesidade de previa convocatoria ..

a) O primeiro martes de marzo

b) O segundo martes de abril

c) O primeiro martes de abril

d) O segundo martes de marzo

21) Baixo que circunstancia resulta especialmente axeitado o *Cloud Computing* ou computación na nube?

a) Cando os usuarios presentan unha alta mobilidade.

b) En contornos con conexións a Internet lentas e/ou descontinuas.

c) Cando os usuarios contan con equipos informáticos potentes e con moita capacidade de almacenamento.

d) En contornos onde a seguridade é o factor determinante.

22) Nunha folla de cálculo Microsoft Excel a expresión =*C$24* é un tipo de referencia ..

a) Absoluta

b) Relativa

c) Mixta

d) De fila relativa e columna absoluta

23) Xunto a que outro dereito, o artigo 33.1 da Constitución española recoñece o dereito á propiedade privada ?

a) Dereito a contraer matrimonio con plena igualdade xurídica.

b) Dereito de crear fundacións para fins de interese xeral.

c) Dereito de herdanza .

d) Dereito ao traballo.

24) Segundo o artigo 136 da Constitución española o órgano supremo fiscalizador das contas e de xestión económica do Estado, así como do sector público é ..

a) O Ministerio de Economía.

b) O Consello de ministros

c) A Axencia Tributaria.

d) O Tribunal de Contas.

25) De conformidade co establecido no título I, capítulo II, da Lei 50/1997, de 27 de novembro, de organización, competencia e funcionamento do Goberno, son órganos de colaboración e apoio ao Goberno ?

a) O Consello de Ministros, a Comisión Xeral de Secretarios de Estado e Subsecretarios

b) Os Secretarios de Estado, a Comisión Xeral de Secretarios de Estado e Subsecretarios

c) As Comisións Delegadas, o Secretariado do Goberno e os Gabinetes.

d) Os Secretarios de Estado, a Comisión Xeral de Secretarios de Estado e Subdirectores, o Secretariado do Goberno e os Gabinetes.

26) De conformidade co disposto no artigo 4.2.b da Lei 6/1997, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado, constitúe un principio de servizo aos cidadáns ?

a) A posibilidade de presentar reclamacións sen o carácter de recursos administrativos sobre o funcionamento das dependencias administrativas

b) A concesión de axudas e subvencións por parte da Administración Pública

c) A necesidade de formular reclamacións mediante a presentación de recursos administrativos

d) A obriga de emitir a información exclusivamente por medios informáticos e telemáticos

27) Segundo o establecido no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sinalar cal das seguintes é unha causa de abstención:

a) Ter parentesco de consanguinidade ou afinidade dentro do segundo grao con calquera dos interesados

b) Ter amizade manifesta ou inimizade íntima con algunha das persoas interesadas no asunto

c) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestados nos cinco últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar

d) Ter intervido como perito ou testemuña no procedemento de que se trate

28) Segundo o establecido no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, exceptúanse da obriga de ditar resolución expresa ..

a) Os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio

b) Os supostos de prescrición

c) Os supostos de renuncia ao dereito

d) Os supostos de desistencia da solicitude

29) O artigo 29 da Lei Orgánica 1/1981 do Estatuto de Autonomía de Galicia establece que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado nas seguintes materias:

a) Ordenación do sector pesqueiro

b) Propiedade industrial e intelectual.

c) Casinos, xogos e apostas con exclusión das Apostas Mutuas Deportivo Benéficas.

d) Réxime mineiro e enerxético

30) O artigo 22 da Lei Orgánica 1/1981, do Estatuto de Autonomía de Galicia, indica que a competencia dos órganos xurisdicionais en Galicia esténdese na orde contencioso administrativa ..

a) A todas as instancias e graos, incluídos os recursos de casación e de revisión nas materias de Dereito Civil Galego.

b) A todas as instancias e graos con excepción dos recursos de casación e de revisión.

c) A todas as instancias e graos, cando se trate de actos ditados pola Xunta e pola Administración de Galicia, naquelas materias que lle corresponda lexislar en exclusiva á Comunidade Autónoma e á que, segundo a Lei da citada xurisdición, lle corresponda en relación cos actos ditados pola Administración do Estado en Galicia.

d) As cuestións de competencia entre órganos xudiciais de Galicia e o Estado

31) De acordo co artigo 10 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais…

a) Dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas, dos topónimos de Galicia e o nome das vías urbanas

b) Dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.

c) Dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado pola Deputación Provincial correspondente.

d) Dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente, previo informe favorable da Deputación Provincial.

32) De acordo co artigo 7 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Consello entenderase validamente constituído cando asistan ..

a) O Presidente ou quen o substitúa, e, polo menos, a metade dos seus membros.

b) O Presidente ou quen o substitúa, e, polo menos, a metade máis un dos seus membros.

c) O Presidente ou quen o substitúa e a terceira parte dos seus membros.

d) O Presidente ou quen o substitúa e, polo menos, as dúas terceiras partes dos seus membros.

33) De acordo co artigo 19 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Presidente elixido tomará posesión do seu cargo dentro …

a) Dos cinco días seguintes ao do seu nomeamento.

b) Dos tres días seguintes ao da publicación do seu nomeamento

c) Dos tres días seguintes ao do seu nomeamento

d) Dos cinco días seguintes ao da publicación do seu nomeamento

34) De acordo co artigo 22 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, en caso de substitución do Presidente, deberá publicarse esta no ..

a) Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado.

b) Diario Oficial de Galicia e os catro Boletíns Oficiais das provincias.

c) Diario Oficial de Galicia.

d) Diario Oficial de Galicia e periódicos de maior difusión.

35) Segundo o establecido no artigo 3.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico ..

a) Actuarán baixo o control e a dependencia ou tutela da administración xeral de Galicia, ou doutra entidade instrumental integrante do sector público autonómico

b) Actuarán con independencia do sector público

c) Actuarán baixo o control e dependencia ou tutela exclusiva da administración xeral de Galicia

d) Actuarán baixo o control e dependencia do Consello da Xunta de Galicia

36) De conformidade co establecido no artigo 4.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, cales dos seguintes principios son aplicables na organización das entidades integrantes do sector público autonómico ?

a) Obxectividade e transparencia

b) Xerarquía e imparcialidade

c) Suficiencia e adecuación dos medios aos fins institucionais

d) Ningunha é certa

37) Segundo o establecido no artigo 25 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, cales son órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ?

a) As secretarías xerais

b) As delegacións territoriais

c) As secretarias xerais técnicas

d) Todos os anteriores son órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

38) Sinalar a resposta correcta. En relación cos contratos de concesión de obras públicas a normativa reguladora da contratación do sector público establece que ..

a) Este tipo de contratos non pode incluír prestacións de restauración nin de reparación de construcións existentes

b) A contraprestación a favor do concesionario consistirá unicamente no dereito a percibir un prezo

c) O contrato executarase en todo caso a risco e ventura do contratista

d) No suposto da existencia de obras vinculadas ou accesorias que poidan ser obxecto de explotación ou aproveitamento económico, estes non poderán corresponder ao concesionario conxuntamente coa explotación da obra principal

39) Son contratos suxeitos a regulación harmonizada, segundo a normativa de contratos do sector público ..

a) Os contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado, en todo caso

b) Os contratos de obras e concesión de obras públicas en calquera caso

c) Calquera contrato subvencionado por unha administración pública

d) Os contratos de subministro cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 115.000 euros cando se trate de contratos adxudicados pola Administración Xeral do Estado, os seus organismos autónomos ou as Entidades Xestoras e Servizos Comúns da Seguridade Social

40) Segundo o establecido na normativa reguladora da contratación do sector público, salvo que se indique outra cousa no seu clausulado, os contratos entenderanse celebrados ..

a) No lugar que coincida co domicilio fiscal do contratista

b) No lugar no que se teña que realizar a prestación

c) No lugar onde se atope a sede do órgano de contratación

d) No lugar que coincida coa sucursal considerada como principal, no caso das persoas xurídicas

41) Segundo o artigo 56.2 do Decreto Lexislativo 1/1999 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, os créditos autorizados nos programas de gastos destinados a bens correntes e servizos, teñen carácter vinculante a nivel de ..

a) Concepto.

b) Capítulo.

c) Subconcepto.

d) Artigo.

42) Segundo o artigo 64.1.d do Decreto Lexislativo 1/1999 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, os créditos que se destinen ao pago de xuros da débeda pública emitida pola Comunidade Autónoma, terán a condición de...

a) Crédito ampliable.

b) Suplemento de crédito.

c) Crédito extraordinario.

d) Gasto plurianual.

43) Segundo o artigo 65.1.b do Decreto Lexislativo 1/1999 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, corresponde ao Consello da Xunta ...

a) Autorizar as ampliacións de crédito cando estas teñan tal carácter por disposición de Lei.

b) Autorizar transferencias de crédito entre un ou varios programas incluídos na mesma función, correspondentes a servizos ou organismos autónomos de diferentes consellerías.

c) Autorizar transferencias de crédito dende o programa de imprevistos e funcións non clasificadas aos conceptos e artigos dos demais programas de gasto, calquera que sexa a función ou sección á que corresponda.

d) Resolver os expedientes de modificacións orzamentarias, cando exista discrepancia co informe da intervención delegada.

44) Segundo o artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, son funcionarios interinos ..

a) Os que por razóns expresamente xustificadas de esixencia e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira.

b) Os que en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realizan funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial.

c) Os que por razóns expresamente xustificadas desenvolvan funcións profesionais específicas e son nomeados como tales para a substitución de funcionarios de carreira.

d) Os que por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira.

45) O artigo 5 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que se rexerá polas súas normas específicas e supletoriamente polo disposto neste Estatuto o ..

a) Persoal militar das Forzas Armadas

b) Persoal retribuído por arancel

c) Persoal da Sociedade Estatal Correos e Telégrafos

d) Persoal do Centro Nacional de Intelixencia

46) Segundo o artigo 39 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, de cantos representantes está composta a Xunta de Persoal se a unidade electoral ten 553 funcionarios?

a) 5

b) 17

c) 9

d) 13

47) Segundo o artigo 20 do Decreto lexislativo 1/2008 polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, a quen lle corresponde fixar os criterios xerais sobre as bases de concesión de complementos de produtividade e gratificacións ?

a) Ao Consello da Xunta de Galicia

b) Á Consellería de Facenda

c) Á Consellería competente en materia de Función Pública

d) Á Comisión de Persoal

48) Segundo o artigo 29 do Decreto Lexislativo 1/2008 polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia , os concursos para provisión de postos de persoal funcionario deberán seren convocados ..

a) Con periodicidade anual e resoltos en seis meses dende a publicación das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas

b) Con periodicidade anual e resoltos en tres meses dende a publicación das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas

c) Con periodicidade bianual e resoltos en seis meses dende a publicación das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas

d) Con periodicidade bianual e resoltos en tres meses dende a publicación das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas

49) Segundo o artigo 31.2 do Decreto Lexislativo 1/2008 polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, cal destas previsións ou medidas <u>NON</u> está contida nun plan de emprego?

a) Reasignación de efectivos de persoal

b) Reaxustes retributivos.

c) Prestación de servizos a tempo parcial.

d) Establecemento de cursos de formación e capacitación

50) De conformidade co establecido no artigo 12 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, de qué prazo dispoñen as persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo para presentaren a documentación acreditativa de cumpriren os requisitos esixidos na convocatoria?

a) 10 días hábiles

b) 30 días naturais

c) 20 días

d) 15 días

51) De conformidade co establecido no artigo 15 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, o/a traballador/a só poderá realizar traballos da categoría inmediatamente inferior á súa durante un só período ..

a) Non inferior a trinta días consecutivos

b) Non superior a trinta días consecutivos

c) Non inferior a un mes

d) Non superior a un mes

52) De acordo co artigo 12 da Lei 2/2007 do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, quen subvencionará a contratación de persoal especializado destinado a asesorar na elaboración dos plans de igualdade?

a) O departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade

b) O departamento da Administración autonómica competente en materia de administración de empresas

c) O departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo

d) O departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade de xénero

53) De acordo co artigo 2 da Lei 7/2004 do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, existirá discriminación directa:

a) Cando unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutra poida ocasionar unha desvantaxe particular a unha persoa respecto a outras por razón de sexo, salvo que se poidan xustificar obxectivamente cunha finalidade lexítima e que os medios para a consecución desta finalidade sexan adecuados e lexítimos.

b) Cando unha persoa sexa, fose ou puidera ser tratada de forma menos favorable que outra en situación análoga por razón de sexo

c) Cando unha persoa sexa, fose ou puidera ser tratada de forma máis favorable que outra en situación análoga por razón de sexo

d) Cando se produza un comportamento non desexado relacionado co sexo dunha persoa, co propósito ou efecto de atentar contra a dignidade da persoa e de crear un ámbito intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo

54) Segundo o establecido no artigo 38 da Lei 7/2004 do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, cando as probas de promoción interna comprendan a valoración de méritos dos candidatos ou candidatas establecerase a favor destes unha puntuación específica que se graduará en función do tempo utilizado no exercicio deses dereitos:

a) Sexan mulleres e teñan utilizado, nos últimos dous anos, unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia por agrupación familiar.

b) Sexan mulleres ou sexan homes, estean a utilizar ou teñan utilizado, nos últimos dous anos, unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares.

c) Sexan mulleres ou sexan homes, estean a utilizar ou teñan utilizado, nos últimos cinco anos, unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia por agrupación familiar.

d) Sexan mulleres ou sexan homes, estean a utilizar ou teñan utilizado, nos últimos cinco anos, unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares.

55) Segundo o artigo 15 da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de datos de carácter persoal relativo ao dereito de acceso do interesado, este só poderá ser exercido ..

a) Unicamente a intervalos non inferiores a 6 meses

b) A intervalos non inferiores a 6 meses agás que o interesado acredite un interese lexítimo para o efecto, caso no cal o poderá exercer antes.

c) Unicamente a intervalos non inferiores a 12 meses

d) A intervalos non inferiores a 12 meses agás que o interesado acredite un interese lexítimo para o efecto, caso no cal o poderá exercer antes.

56) Segundo o artigo 3.f da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de datos de carácter persoal, todo tratamento de datos persoais de modo que a información que se obteña non poda asociarse a persoa identificada ou identificable recibe o nome de ..

a) Procedemento de encriptación.

b) Procedemento de disociación.

c) Procedemento de protección

d) Procedemento de disgregación

57) Sinale a resposta <u>INCORRECTA</u>. Segundo o artigo 14.3, sobre deberes das persoas usuarias, do Decreto 230/2008 polo que se establecen as normas de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, para garantir uns mínimos de seguridade no equipamento asignado, o/a usuario/a ..

a) Revisará de forma periódica o seu ordenador eliminando calquera virus que poda causar dano a outras equipas da rede.

b) Deberá pechar a súa conta ao final de cada sesión.

c) Deberá pechar a súa conta cando deixe desatendida a súa equipa.

d) Instalará as aplicacións ofimáticas requiridas polo departamento e necesarias para o desempeño do seu traballo.

58) Segundo o artigo 26.1 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes, a notificación electrónica entenderase practicada persoalmente ..

a) Para todos os efectos legais, no momento en que se acceda á mensaxe electrónica

b) Para todos os efectos legais, no momento en que se reciba a mensaxe electrónica

c) Só aos efectos de notificación de actos e resolucións administrativas, no momento en que se acceda á mensaxe electrónica

d) Só aos efectos de notificación de actos e resolucións administrativas, no momento en que se reciba á mensaxe electrónica

59) Segundo o establecido no artigo 17 do Tratado da Unión Europea o mandato da Comisión será de ..

a) Cinco anos

b) Catro anos

c) Dous anos e medio

d) Tres anos

60) Sinale a resposta <u>INCORRECTA</u>. Segundo o artigo 13.1 do Tratado da Unión Europea, a Unión dispón dun marco institucional que ten como finalidade ..

a) Promover os seus valores

b) Defender os seus intereses

c) Garantir a coherencia

d) Velar polos intereses das institucións

61) Segundo o establecido no artigo 249 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, con canto tempo publicará a Comisión Europea, todos os anos, un informe xeral sobre as actividades da Unión ?

a) Polo menos un mes antes da apertura do período de sesións do Parlamento Europeo

b) Polo menos dous meses antes da apertura do período de sesións do Parlamento Europeo

c) Polo menos tres meses antes da apertura do período de sesións do Parlamento Europeo

d) Polo menos trinta días antes da apertura do período de sesións do Parlamento Europeo

62) En ocasións, ao traballar en sistemas operativos con contornos gráficos preséntase o problema de que a información se mostra cun tamaño demasiado pequeno en pantalla. Que solución podemos adoptar para aumentar o tamaño da información?

a) Aumentar a resolución da pantalla.

b) Diminuír a resolución da pantalla.

c) Aumentar a profundidade da cor.

d) Diminuír a profundidade da cor.

63) A que nos referimos cando falamos de software FLOSS?

a) Software gratuíto desenvolto para o seu uso exclusivo en contornos Unix e Linux.

b) Software libre e de código aberto que permite a súa modificación grazas á dispoñibilidade do código fonte.

c) Software privativo con dispoñibilidade do código fonte mediante licenzas de uso.

d) Software gratuíto e de código pechado que permite a súa utilización sen requirir custosas licenzas.

64) Sinale cal das seguintes é a afirmación correcta con respecto ás bases de datos relacionais:

a) Dous campos dunha mesma base de datos poden ter o mesmo nome.

b) Dúas táboas dunha mesma base de datos poden ter o mesmo nome.

c) As relacións establécense entre a clave principal da táboa filla e a clave foránea da táboa pai.

d) A clave principal dunha táboa terá sempre valores diferentes ou, en caso de non estar definida, valor nulo.

65) Cal das seguintes igualdades é correcta ?

a) 165 bytes = 1,65 megabytes
b) 1.024 kilobytes = 128 megabytes
c) 5 xigabytes = 5.000 kilobytes
d) 1.024 bits = 128 bytes.

66) Os membros do Comité Económico e Social, segundo o artigo 302 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, serán nomeados para un período de ..

a) Dous anos e medio

b) Cinco anos

c) Dous anos e medio, renovables

d) Tres anos

67) O Tribunal de Xustiza, de conformidade co establecido no artigo 252 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, estará asistido …

a) Por seis avogados xerais.

b) Por dez avogados xerais.

c) Por oito avogados xerais.

d) Por doce avogados xerais.

68) O artigo 17.7 do Tratado da Unión Europea establece que, tendo en conta o resultado das eleccións ao Parlamento Europeo e tras manter as consultas apropiadas, o Consello Europeo proporá ao Parlamento Europeo…

a) Por maioría cualificada, un candidato ao cargo de Presidente do Tribunal de Xustiza da Unión Europea

b) Por maioría cualificada, un candidato ao cargo de Presidente do Banco Central Europeo

c) Por maioría cualificada, un candidato ao cargo de Presidente da Comisión Europea

d) Por maioría cualificada, un candidato ao cargo de Presidente do Tribunal de Contas

69) Segundo o artigo 31 da Constitución española …

a) Só poderán establecerse prestacións persoais, patrimoniais ou tributarias de carácter público reguladas pola Lei.

b) Só poderán establecerse prestacións persoais ou tributarias de carácter público reguladas pola Constitución e as leis.

c) Só poderán establecerse prestacións tributarias ou patrimoniais de carácter público reguladas pola Constitución e as leis.

d) Só poderán establecerse prestacións persoais ou patrimoniais de carácter público reguladas pola lei.

70) Segundo o artigo 117.5 da Constitución española, cal é a base da organización e funcionamento dos tribunais ?

a) O principio de liberdade na súa actuación.

b) O principio de unidade xurisdicional.

c) O principio de legalidade.

d) O principio de economía procedimental.

71) Segundo o establecido no artigo 80 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sinalar a resposta correcta con respecto dos medios e período de proba ..

a) O instrutor non poderá rexeitar ningunha proba proposta polos interesados

b) O período de proba non poderá exceder de corenta días

c) As probas só poderán rexeitarse mediante resolución motivada e cando sexan manifestamente improcedentes ou innecesarias.

d) O período de proba non poderá ser inferior a quince días nin superior a vinte.

72) Segundo o establecido no artigo 8 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, os convenios de Conferencia Sectorial e os convenios de colaboración obrigarán ás Administracións que interveñen ..

a) Dende o momento no que sexan comunicados ao Senado, salvo que neles se estableza outra cousa

b) Dende o momento no que se publiquen no Boletín Oficial do Estado, salvo que neles se estableza outra cousa

c) Dende o momento no que se publiquen no Diario Oficial da Comunidade Autónoma que corresponda, salvo que neles se estableza outra cousa

d) Dende o momento da súa sinatura, salvo que neles se estableza outra cousa

73) Segundo o establecido no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen un prazo máximo para notificar a resolución expresa, este será de ..

a) 6 meses

b) 3 meses

c) 2 meses

d) 4 meses

74) Segundo o establecido no artigo 62 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sinalar cal dos seguintes casos se corresponde cun suposto de nulidade de pleno dereito:

a) Os actos ditados por un órgano manifestamente incompetente por razón de materia ou xerarquía

b) Os que sexan constitutivos dunha infracción administrativa ou se diten como consecuencia desta

c) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición

d) Calquera que se estableza expresamente nunha disposición de rango regulamentario

75) O artigo 11 da Lei orgánica 1/1981 do 6 de abril do Estatuto de Autonomía de Galicia establece que ..

a) Os deputados estarán suxeitos a mandato imperativo.

b) A Xunta poderá establecer mediante decreto un sistema para que os intereses do conxunto dos galegos residentes no estranxeiro se encontren presentes nas decisión da Comunidade Autónoma.

c) A circunscrición electoral, será, en todo caso, a provincia.

d) O parlamento de Galicia poderá establecer diferentes circunscricións electorais como a comarca para garantir a representación das diferentes zonas do territorio galego

76) O artigo 5.3 da Lei orgánica 1/1981 do 6 de abril do Estatuto de Autonomía de Galicia establece que ..

a) Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán a utilización do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

b) As linguas propias de Galicia son o galego e o castelán.

c) Os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen o deber de os coñecer e o dereito de os usar.

d) Ninguén poderá ser discriminado polo non uso dunha das linguas. .

77) O artigo 28 da Lei orgánica 1/1981 do 6 de abril do Estatuto de Autonomía de Galicia establece que é competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que a mesma estableza, das materias sobre ..

a) O réxime das fundacións de interese galego.

b) As entidades cooperativas.

c) A propiedade industrial e intelectual.

d) Salvamento marítimo.

78) De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a encomenda de xestión intersubxectiva formalízase ..

a) Entre órganos da mesma Consellería

b) Entre órganos pertencentes a distintas administracións e entidades públicas

c) Unicamente entre distintas entidades públicas da mesma administración

d) Entre órganos e entidades da Xunta de Galicia

79) Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os delegados territoriais da Xunta de Galicia, teñen rango de ..

a) Director xeral

b) Secretario xeral

c) Subsecretario.

d) Xefe territorial

80) Segundo o establecido pola normativa reguladora dos contratos do sector público, a subscrición a revistas, publicacións periódicas e bases de datos, realizada por unha administración pública ..

a) Constitúe un contrato de carácter administrativo

b) Constitúe un contrato de carácter privado

c) Constitúe un contrato de natureza administrativa especial

d) Unha administración pública non pode subscribirse a revistas, publicacións periódicas e bases de datos

81) Segundo o establecido na normativa reguladora dos contratos do sector público ..

a) Os órganos de contratación poderán delegar pero non desconcentrar as súas competencias.

b) Os órganos de contratación poderán desconcentrar pero non delegar as súas competencias.

c) Os órganos de contratación poderán delegar ou desconcentrar as súas competencias.

d) Os órganos de contratación non poderán delegar nin desconcentrar as súas competencias.

82) Segundo o artigo 4.3 do Decreto Lexislativo 1/1999 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, cal é o órgano encargado da execución das funcións de control interno e de contabilidade reguladas en dita lei ?

a) A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

b) A Dirección Xeral de Orzamentos

c) A Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

d) A Dirección Xeral de Planificación e Fondos.

83) Segundo o artigo 63 do Decreto Lexislativo 1/1999 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, os anticipos de tesourería para atender un gasto inaprazable, poderán concederse ata acadar un límite de ...

a) Un 3% dos créditos autorizados pola Lei de orzamentos xerais da Comunidade.

b) Un 2% dos créditos autorizados pola Lei de orzamentos xerais da Comunidade.

c) Un 4% dos créditos autorizados pola Lei de orzamentos xerais da Comunidade..

d) Un 5% dos créditos autorizados pola Lei de orzamentos xerais da Comunidade.

84) De conformidade co establecido no artigo 14 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado público, os empregados públicos teñen o seguinte dereito individual en correspondencia coa natureza xurídica da súa relación de servizo:

a) O exercicio do dereito de folga, coa garantía do mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

b) O desempeño efectivo das funcións ou tarefas propias da súa condición profesional e de acordo coa responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos fixados.

c) Á liberdade sindical

d) O desempeño efectivo das funcións ou tarefas propias da súa condición profesional e de acordo coa progresión acadada na súa carreira profesional.

85) De conformidade co establecido no artigo 44 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado público sobre procedemento electoral ..

a) Serán electores e elixibles os funcionarios que se atopen en situación de servizos especiais

b) Poderán presentar candidaturas as organizacións sindicais legalmente constituídas ou as coalicións destas.

c) As Xuntas de Persoal elixiranse mediante listas abertas a través dun sistema proporcional corrixido.

d) Os órganos electorais serán os Comités electorais

86) Segundo o artigo 8 do Decreto lexislativo 1/2008 polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, por mor da acumulación de tarefas reservadas a persoal funcionario e con carácter excepcional, poderase nomear persoal funcionario interino sen adscrición á praza dotada orzamentariamente. Estes nomeamentos ..

a) Non poderán superar, en ningún caso, o 10% do persoal funcionario do centro directivo.

b) Non poderán superar, salvo autorización expresa da Consellería competente en materia de Función Pública, o 10% do persoal funcionario do centro directivo

c) Non poderán superar, en ningún caso, o 20% do persoal funcionario do centro directivo.

d) Non poderán superar, salvo autorización expresa da Consellería competente en materia de Función Pública, o 20% do persoal funcionario do centro directivo

87) Segundo o artigo 57.1 do Decreto Lexislativo 1/2008 polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, as persoas que se atopen en situación de excedencia por prestación de servizos no sector público ..

a) Non devengarán retribucións nin lles será computable o tempo que permanezan nesa situación para efectos de ascensos e trienios.

b) Non devengarán retribucións pero lles será computable o tempo que permanezan nesa situación para efectos de ascensos e trienios.

c) Devengarán retribucións pero non lles será computable o tempo que permanezan nesa situación para efectos de ascensos e trienios

d) Devengarán retribucións pero lles será computable o tempo que permanezan nesa situación para efectos de ascensos e trienios

88) Segundo o establecido no artigo 19 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, para os servizos que haxa que prestar necesariamente en domingos e festivos establecerase un descanso adicional de:

a) Un 50 por 100 do tempo de prestación

b) Un día adicional

c) Un 75 por 100 do tempo de prestación

d) Un domingo e festivo adicional

89) Segundo o artigo 18.3 da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de datos de carácter persoal sobre tutela dos dereitos, o prazo máximo en que se debe ditar a resolución expresa de tutela dos dereitos é de ..

a) 10 días

b) 1 mes

c) 3 meses

d) 6 meses.

90) O comando "Gardar" dunha aplicación ofimática, aplicado a un documento xa almacenado, permite …

a) Gardar o documento nunha localización diferente.

b) Gardar o documento cun novo nome.

c) Actualizar o documento que xa está gardado.

d) Crear unha copia do documento cos cambios realizados.

PREGUNTAS DE RESERVA

91) Segundo o establecido no artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, contra as disposicións administrativas de carácter xeral:

a) Poderase interpoñer unicamente o recurso de alzada

b) Poderase interpoñer unicamente o recurso de reposición

c) Non cabe recurso en vía administrativa

d) Poderase interpoñer calquera dos recursos administrativos que proceda

92) Sinalar a resposta INCORRECTA. De conformidade co establecido no artigo 53 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, relativo aos principios éticos, os empregados públicos ..

a) Tratarán con atención e respeto aos cidadáns, aos seus superiores e aos restantes empregados públicos

b) Non aceptarán ningún trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada, por parte de persoas físicas ou entidades privadas

c) Axustarán a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración na que presten os seus servizos, e con os seus superiores, compañeiros, subordinados e cos cidadáns.

d) Absteranse naqueles asuntos nos que teñan un interese persoal, así como de toda actividade privada ou interese que poida supoñer un risco de plantexar conflitos de intereses co seu posto público.

93) Un aviso por non pagamento debe ser enviado a 15 persoas distintas por correo electrónico. Para axilizar a tarefa contémplase a posibilidade de redactar unha única mensaxe xenérica e logo enviala a todos os destinatarios á vez. Cal será a opción máis axeitada e discreta dada a natureza da comunicación ?

a) Indicar as 15 direccións no campo “PARA”

b) Indicar a primeira das direccións no campo “PARA”, e as restantes en “CCO”

c) Enviaranse 5 mensaxes, xa que só é posible realizar envíos a 3 direccións de correo electrónico simultaneamente, indicando unha dirección no campo “PARA”, outra no campo “CC” e a terceira a través de “CCO”.

d) Indicar os 15 enderezos no campo “CCO”

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública

empregarse
procesos de ingreso

Proceso selectivo para el ingreso en el cuerpo auxiliar de la Xunta de Galicia (subgrupo C2)

Primer ejercicio

1) El artículo 113 de la Constitución española, establece que la moción de censura deberá ser propuesta ..

a) Al menos por 2/3 de las Cámaras.

b) Al menos por la décima parte de los diputados.

c) Al menos por mayoría absoluta del número de diputados.

d) Al menos por mayoría simple del número de diputados.

2) Según el artículo 2.2.g de la Ley 50/1997, de 27 de noviembre, de organización, competencia y funcionamiento del Gobierno, corresponde al Presidente del gobierno ..

a) Aprobar el proyecto de Ley de Presupuestos generales del Estado

b) Aprobar la disolución del Congreso, del Senado o de las Cortes Generales

c) Proponer al Rey la resolución de los conflictos de atribuciones que puedan surgir entre los distintos ministerios

d) Convocar, presidir e fijar el orden del día del Consejo de Ministros

3) Según lo establecido en el artículo 3 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo Común, las Administraciones públicas, en sus relaciones, se rigen por el principio de:

a) Descentralización y desconcentración

b) Jerarquía y coordinación

c) Buena fe y confianza legítima

d) Cooperación y colaboración

4) Según los dispuesto en el artículo 35 de la Ley Orgánica 1/1981, del Estatuto de Autonomía de Galicia ..

a) La comunidad autónoma podrá celebrar convenios con otras comunidades para la gestión y prestación de servicios competencia del Estado previa autorización del gobierno de España.

b) La comunidad autónoma podrá celebrar convenios con otras comunidades para la gestión y prestación de servicios propios de exclusiva competencia de la misma. La celebración de los citados convenios deberá ser comunicada a las Cortes Generales.

c) La comunidad autónoma podrá celebrar convenios con otras comunidades para la gestión y prestación de servicios propios de exclusiva competencia de la misma. La celebración de los citados convenios no deberá ser comunicada a las Cortes Generales.

d) La comunidad autónoma no podrá establecer acuerdos de colaboración con otras comunidades autónomas excepto autorización de las Cortes Generales por mayoría absoluta de sus miembros.

5) Según lo establecido en el artículo 26 de la Ley 1/1983, de 22 de febrero, de normas reguladoras de la Xunta y su Presidencia, ¿cuál de las siguientes NO se considera una atribución del Presidente?

a) Formular ante el parlamento, previa deliberación del Consello, la cuestión de confianza.

